

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE UN PROXECTO DE ORDENANZA: REGULAMENTO PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, debe realizarse unha **consulta pública**, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma, acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) Os obxectivos da norma
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, fórmulase a seguinte consulta:

| | |
|---|--|
| Prazo e lugar para facer chegar as opinións | <i>Prazo: Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos plantexados nesta consulta, durante 15 días hábiles, a contar dende a publicación deste anuncio.</i> <i>Lugar: 1) a través da sede electrónica, cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta na elaboración do texto normativo; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais, no seu horario de apertura.</i> |
| Problemas que se pretenden solucionar coa nova ordenanza | <i>Préténdese dar solución aos problemas que se poidan xerar pola ausencia dunha normativa concreta: fixación dos lugares, datas e horarios de celebración, regulación do desenvolvemento da cerimonia, garantía de que no expediente conste toda a documentación necesaria con anterioridade á súa celebración, entre outros.</i> |
| Necesidade e oportunidade da súa aprobación | <i>Resulta de especial relevancia para este Concello, acometer esta aprobación normativa, dado o incremento exponencial nos últimos anos das solicitudes de matrimonios civís.</i> |
| Obxectivos da norma | <i>O obxecto é a regulación da celebración de matrimonios civís neste Concello, que permita mellorar a eficacia e eficiencia na tramitación deste tipo de expedientes.</i> |
| Posibles solucións alternativas, regulatorias e non regulatorias | <i>Despois dun análise previo da situación, considérase que a aprobación dunha ordenanza é a mellor solución regulatoria posible garantir o correcto desenvolvemento do matrimonio civil; non atopando outras solucións alternativas, para acadar o dito fin.</i> |





concello
Porto do Son

Rúa Atalaia s/n.15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tlfno: 981 867 412
Fax: 981 767 358

Porto do Son, na data da sinatura dixital.

O Alcalde,
José Luis Oujo Pouso



Cod. Validación: 6273AWQD5MGYX7F7WAT5M3ZER | Corrección: <https://portodoson.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2